

Diego Peña Gil

Nado en Santiago de Compostela no ano 1974, Diego Peña Gil licenciouse en química na Universidade de Santiago de Compostela (USC) no 1998 e realizou a súa etapa doutoral na mesma universidade, baixo a dirección dos profesores Enrique Guitián e Dolores Pérez, no campo das reaccións de cicloadición de arinos, catalizadas por complexos de metais de transición. Obtivo o doutoramento no ano 2001, co Premio Extraordinario.

Realizou diversas estancias predoutorais en entidades internacionais, como a Universidade de Harvard (Estados Unidos) no 1999, a Universidade Ludwig-Maximilians de Múnic (Alemaña) no 2000 e tamén nacionais, como a Universidade Autónoma de Madrid no 2001. Durante os anos 2002 e 2003, grazas a unha bolsa Marie Curie Fellowship, fixo unha estancia postdoutoral na Universidade de Groninga (Países Baixos), onde traballou en catálise asimétrica no grupo do profesor Ben L. Feringa (Premio Nobel de Química 2016). Paralelamente, realizou estancias curtas co grupo do profesor Hans de Vries na empresa DSM (Geleen, Holanda).

Ao volver á universidade compostelá, no 2004, fíxoo en calidade de investigador Ramón y Cajal. No 2008, foi nomeado profesor titular na USC e obtivo a cátedra de química orgánica no 2020. Desenvolve as súas investigacións no Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CiQUS), centradas no desenvolvemento de novas metodoloxías sintéticas, a química sobre superficie, a síntese de compostos policíclicos aromáticos, o seu estudo como materiais moleculares e a preparación de grafenos nanométricos.

No 2021, obtivo unha **ERC Synergy Grant** dotada cunha financiación de algo máis de 9M€. Como sole ser habitual nesta modalidade de axudas, trátase dun proxecto de carácter conxunto, [MolDAM](#), cos grupos do doutor Leo Gross de IBM Research Zurich (Suíza), do profesor Jascha Repp da Universidade de Ratisbona (Alemaña) e do propio profesor Peña do CiQUS, a quen lle corresponden 2,8M€ do orzamento. A proposta céntrase na fabricación de dispositivos moleculares individuais mediante a manipulación atómica. O obxectivo é construír moléculas individuais, átomo a átomo, e estudalas en acción ata conseguir dominalas. Esta nova manipulación atómica realízase mediante sofisticados microscopios e ten importantes aplicacións en síntese química, transformación da enerxía e computación.

No ano 2018, o doutor Diego Peña foi recoñecido coa Medalla Ignacio Ribas do grupo especializado en Química Orgánica da Real Sociedad Española de Química (RSEQ).